

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### XEFATURA DO ESTADO

**15595** *Lei 12/2012, do 26 de decembro, de medidas urxentes de liberalización do comercio e de determinados servizos.*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

#### PREÁMBULO

I

O comercio interior leva sufrindo varios anos consecutivos fortes caídas no consumo. Neste contexto é máis necesario que nunca, por un lado, reducir as cargas administrativas que dificulten o comercio e, por outro, dinamizar o sector permitindo un réxime máis flexible de aperturas.

A estrutura comercial en España caracterízase por unha maioritaria presenza de pequenas e medianas empresas, expostas, pola súa maior vulnerabilidade, aos efectos da actual crise económica que se reflectiu nun importante descenso das cifras de vendas e peche de establecementos comerciais.

Non obstante, o comercio retalista é, ao mesmo tempo, un ámbito especialmente dinamizador da actividade económica e do emprego e, por isto, para favorecer a recuperación económica no actual contexto resulta fundamental a adopción de medidas que faciliten a actividade e eliminen obstáculos que impiden o desenvolvemento da iniciativa empresarial neste ámbito.

As cargas administrativas constitúen algúns destes obstáculos que non son necesarios nin proporcionadas e cuxos obxectivos se poden alcanzar mediante procedementos de control que non atrasen nin paralicen o desenvolvemento da actividade. Especialmente gravosas resultan determinadas licenzas cuxos procedementos impiden o exercicio da actividade ata moito tempo despois de ter acometido os investimentos iniciais.

En atención aos datos da OCDE, España é, de feito, o segundo país de Europa onde máis trámites é necesario realizar para crear unha empresa. Resulta, por tanto, necesario substituír no posible estas cargas administrativas por outros procedementos de control menos gravosos, garantindo en todo caso o cumprimento da normativa vixente.

A Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, modificou o artigo 84 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, co obxecto de someter os actos de control preventivo de ámbito municipal aos seus principios cando se trate do acceso e exercicio de actividades de servizos. Posteriormente, a Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sustentable, incorporou á citada Lei 7/1985, do 2 de abril, os artigos 84 bis e 84 ter e estableceu así con carácter xeral a inexhibibilidade de licenza ou outros medios de control preventivos para o exercicio de actividades, salvo que resultase necesario para a protección da saúde ou seguridade públicas, o ambiente ou o patrimonio histórico-artístico, ou cando requirisen dun uso privativo e ocupación do dominio público pero, en todo caso, condicionando a súa exixibilidade a un xuízo de necesidade e proporcionalidade.

Non obstante, malia o impulso de redución de cargas e licenzas destas reformas no ámbito do comercio retalista, o marco normativo segue sendo moi complexo e pouco claro e segue existindo unha enorme dispersión normativa e de procedementos, especialmente gravosa para as pemes, en xeral, e para as microempresas, en particular, que soportan un custo considerable en comparación coa dimensión da súa actividade. A realidade concreta do sector comercial retalista pon de manifesto, por tanto, que é necesario facer un maior esforzo na remoción dos obstáculos administrativos que existen na actualidade para exercer determinadas actividades, establecendo as bases e instando as comunidades autónomas e entidades locais a unha adaptación da súa normativa que redunde nun beneficio real para as pemes no inicio e exercicio da actividade.

Mediante esta lei avánzase un paso máis eliminando todos os supostos de autorización ou licenza municipal previa, motivados na protección do ambiente, da seguridade ou da saúde públicas, ligados a establecementos comerciais e outros que se detallan no anexo cunha superficie de ata 300 metros cadrados. Considérase, tras realizar o xuízo de necesidade e proporcionalidade, que non son necesarios controis previos por tratarse de actividades que, pola súa natureza, polas instalacións que requiren e pola dimensión do establecemento, non teñen un impacto susceptible de control a través da técnica autorizatoria, a cal se substitúe por un réxime de control *ex post* baseado nunha declaración responsable. A flexibilización esténdese tamén máis alá do ámbito de aplicación da reforma da Lei 2/2011, do 4 de marzo, e afecta tamén todas as obras ligadas ao acondicionamento destes locais que non requiran da redacción dun proxecto de obra de conformidade coa Lei 38/1999, do 5 de novembro, de ordenación da edificación. Desta maneira, poderase iniciar a execución de obras e instalacións e o exercicio da actividade comercial e de servizos coa presentación dunha declaración responsable ou comunicación previa, segundo o caso, na cal o empresario declara cumprir os requisitos exixidos pola normativa vixente e dispor dos documentos que se exixan, ademais de estar en posesión do xustificante do pagamento do tributo correspondente cando sexa preceptivo.

Isto contribuirá á dinamización da actividade en beneficio do crecemento económico e do emprego, en liña acorde cos obxectivos de redución das cargas administrativas, a mellora do tecido empresarial, en especial para as pemes, e a promoción do espírito empresarial da Estratexia Europa 2020.

O control administrativo pasará a realizarse *a posteriori* aplicándose o réxime sancionador vixente en materia de comercio interior, ordenación do solo e urbanismo, protección da saúde, do ambiente e do patrimonio histórico artístico, de tal forma que este mecanismo non supoña un menoscabo das garantías na prestación do servizo cara aos consumidores nin das obrigacións de cumprimento da normativa sectorial autonómica ou municipal aplicable.

A substitución da licenza por outros actos de control *ex post* non suporá en ningún caso mingua ningunha dos ingresos fiscais dos concellos ou dos organismos que expidisen con anterioridade as licenzas previas de apertura. Polo contrario, na medida en que se axilice a apertura de novos establecementos, poderá rexistrarse un incremento da recadación obtida por este concepto ao facilitarse a apertura de máis e novos comercios. Esta lei modifica o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, con este fin.

As medidas previstas nesta lei diríxense sobre todo ás pequenas e medianas empresas comerciais e de servizos complementarios que constitúen máis do 90 por cento das empresas que desenvolven a súa actividade nestes sectores, normalmente en establecementos cuxa superficie útil de exposición e venda ao público non supera os 300 metros cadrados, superficie que dá cabida á maioría das actividades recollidas no anexo desta lei. Por isto considérase que, a través desta lei, se promoverán a apertura de novos locais e a xeración de emprego neste sector.

Esta lei fundaméntase no dereito á propiedade privada do artigo 33.1 da Constitución española e á liberdade de empresa do seu artigo 38, así como nos principios de liberdade

de establecemento, libre circulación de bens e libre prestación de servizos do artigo 139.2, que propugnan a unidade de mercado.

É importante destacar que a reforma que se introduce responde á finalidade positiva de adoptar uns fins e orientacións xerais no plano da reactivación económica, establecendo un mínimo común denominador para todo o Estado que lles garanta ás empresas un marco de seguridade xurídica e de unidade normativa en todo o territorio. Todo isto, sen prexuízo de que as comunidades autónomas, no ámbito das súas competencias, poidan regular un réxime de maior alcance na eliminación de calquera tipo de control previo.

As medidas que se recollen nesta lei constitúen preceptos de regulación concreta e específica. Non obstante, isto non é óbice para consideralas como auténticas medidas de ordenación xeral da economía, como resaltou de modo reiterado a xurisprudencia constitucional, posto que a acción normativa adoptada posúe unha incidencia directa e significativa sobre a actividade económica xeral.

Adicionalmente, as medidas contidas nesta lei facilitan a xestión administrativa e a eliminación de cargas, aspecto que incide tamén sobre o procedemento administrativo común (art. 149.1.18.<sup>a</sup> CE).

De conformidade coas medidas previstas nesta lei, no que se refire á supresión de licenzas, e por aplicación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, calquera norma, disposición ou acto adoptado por calquera órgano das administracións autonómicas ou locais que contraveña ou dificulte a aplicación deste réxime poderá ser declarado nulo de pleno dereito, sen prexuízo da existencia, de ser o caso, da correspondente responsabilidade patrimonial á Administración pública incumplidora.

A eliminación de licenzas de apertura e actividade conságrase nun total de cinco artigos, nos cales se regula o obxecto, o ámbito de aplicación, a inexixibilidade de licenzas municipais previas á apertura de establecemento, o réxime de declaración responsable e a suxeición ao réxime xeral de control.

## II

O título II engade un novo mecanismo de apoio á exportación aos xa existentes no ordenamento xurídico español. O mecanismo aprobado por este título pretende desenvolver as capacidades do Ministerio de Defensa en materia de xestión de programas de material de defensa con destino á exportación.

A inexistencia, ata este momento, de mecanismos que permitisen unha participación máis activa do Ministerio de Defensa na xestión de programas destinados á exportación supuxo unha desvantaxe competitiva para a nosa base industrial e tecnolóxica, a cal se viu obrigada a competir no mercado internacional en desigualdade de condicións contra ofertas procedentes de bases industriais estranxeiras que gozaban dun apoio moito máis proactivo e eficaz ofrecido polos seus gobernos de orixe.

As medidas que se aplican nesta lei teñen como obxectivo fundamental afrontar as carencias advertidas nesta etapa crucial para o sector español industrial da defensa, caracterizada pola contracción do gasto español neste sector esencial da actividade económica do país, o aumento da demanda internacional de material de defensa, a crecente competencia internacional nos procesos de adxudicación de grandes programas por certas potencias emerxentes e a existencia dun interese declarado e actual, por parte destas, en que sexa o Goberno español o seu único interlocutor en procesos de adquisición de material de defensa que, tendo en conta a súa envergadura, non admiten demora.

Estas medidas permitirán dotar o Goberno español de instrumentos eficaces, duradeiros, flexibles e adaptables ás necesidades da demanda internacional.

As disposicións contidas nesta lei adaptan ao ordenamento xurídico español institucións tradicionais no dereito comparado relativas á xestión de programas de material de defensa con destino á exportación, dotando o Ministerio de Defensa de instrumentos eficaces, flexibles e adaptables ás necesidades da demanda internacional

para cada caso e evitando a responsabilidade patrimonial da Facenda pública española por razón de obrigacións que pola súa natureza unicamente deben corresponder ou ben aos contratistas ou ben aos gobernos adquirentes.

A posta en marcha deste mecanismo oscila sobre dúas relacións xurídicas; unha horizontal, de Goberno a Goberno, entre o Goberno solicitante e o Goberno español, e unha vertical, entre o Goberno español (por medio do Ministerio de Defensa) e unha ou máis empresas subministradoras.

A relación horizontal aséntase sobre a celebración dun contrato entre o Goberno de España e outro Goberno estranxeiro, tal e como se prevé no artigo 7.1.g) da Lei 24/2011, do 1 de agosto, de contratos do sector público nos ámbitos da defensa e da seguridade. En virtude do dito contrato, o Goberno estranxeiro solicita ao Goberno de España que realice todas as actividades de xestión precisas para que un determinado material ou tecnoloxía de defensa lle sexan transmitidos por un contratista español. O negocio xurídico do mandato inherente ao dito contrato ten as vantaxes de que o ben subministrado non se integra no patrimonio das administracións públicas, de que non se modifica a normativa vixente en materia de control do comercio exterior de material de defensa e de que permite transmitir de maneira directa entre os contratistas e o Goberno estranxeiro as responsabilidades e os riscos derivados dos contratos.

Pola súa parte, a relación vertical desenvólvese mediante as actividades que, en virtude da encarga anterior, realizará o Ministerio de Defensa no tráfico xurídico interno aplicando os mecanismos vixentes de contratación administrativa do sector público, así como o réxime de control da xestión económico-financeira e o réxime sancionador previstos na normativa orzamentaria.

Atendendo a que a contratación non se realiza con cargo a fondos públicos, prevese a apertura de contas de situación de fondos do Goberno estranxeiro das que unicamente o Goberno español está habilitado para extraelos. Simultaneamente, articúlanse disposicións especiais para regular todas aquelas ocasións en que a normativa xeral de contratación do sector público recolle un fluxo de fondos entre unha Administración pública e un contratista, de modo que os fluxos de fondos que operan nesta relación non se vinculen coa Facenda pública, senón coa conta de situación de fondos na cal se depositan as cantidades adiantadas polo Goberno estranxeiro para custear os programas.

Como elemento de peche, seguindo o exemplo do dereito comparado, considerouse pertinente prever o reembolso dos custos en que incorra o Ministerio de Defensa con cargo á conta de situación de fondos do programa que se xestione con destino á exportación, de tal modo que o apoio prestado se realice sen custo nin beneficio para o Ministerio de Defensa.

### III

Este contido, ademais, complétase con tres disposicións adicionais. Na primeira dispónse, dunha parte, a elaboración de modelos de comunicación previa e declaración tipo responsable con obxecto de que faciliten a cooperación administrativa e, doutra, o desenvolvemento dunha ordenanza tipo en materia de licenzas municipais. Na segunda das disposicións adicionais outórgaselles habilitación ás entidades de colaboración privadas para a comprobación dos requisitos dos declarantes. Na terceira dispónse a aplicación desta lei ás instalacións de redes públicas de comunicacións electrónicas. Introdúcese tamén unha disposición transitoria, en que se fixa o réxime aplicable aos procedementos iniciados antes da entrada en vigor desta lei, e unha disposición derogatoria.

Ademais, recóllense catorce disposicións derradeiras que teñen por obxecto modificar a Lei reguladora das facendas locais para que a reforma que se emprende en materia de licenzas non prexudique o réxime fiscal das primeiras; modificar a disposición transitoria segunda da Lei 18/2009, do 23 de novembro, pola que se modifica o texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria, aprobado polo Real decreto legislativo 339/1990, do 2 de marzo, en materia sancionadora, de maneira que, ante a imposibilidade de cumprir co prazo orixinalmente establecido que expira o 25

de maio de 2012, se amplíe ata o 25 de maio de 2014 o prazo máximo de que poidan dispor as administracións locais para efectuar as notificacións no enderezo electrónico viario ou, de ser o caso, no taboleiro de edictos de sancións de tráfico, asegurando así, durante ese tempo, a validez das notificacións que sigan practicando ata que dispoñan dos medios técnicos e orzamentarios necesarios para a súa adhesión ao novo sistema; tamén se modifica o Real decreto lei 16/2012, do 20 de abril, de medidas urxentes para garantir a sustentabilidade do Sistema nacional de saúde e mellorar a calidade e seguridade das súas prestacións, ao se ter detectado un erro material na redacción dada polo seu artigo 5 ao artigo 2 do Real decreto 823/2008, do 16 de maio, polo que se establecen as marxes, deducións e descontos correspondentes á distribución e dispensación de medicamentos de uso humano, que resulta necesario corrixir de inmediato, dado que o contido da escala incorporada nel fai inviable a aplicación efectiva do réxime de bonificacións previsto para as oficinas de farmacia; por outra parte, modifícase a disposición adicional primeira do Real decreto lei 12/2012, do 30 de marzo, polo que se introducen diversas medidas tributarias e administrativas dirixidas á redución do déficit público, reguladora da declaración tributaria especial, con obxecto de determinar o valor para efectos fiscais dos bens ou dereitos que fosen obxecto de declaración, ao mesmo tempo que se introducen certas cautelas coa finalidade de evitar situacións de desimposición. Modifícanse, ademais, a disposición derradeira segunda da Lei 26/2011, do 1 de agosto, de adaptación normativa á Convención internacional sobre os dereitos das persoas con discapacidade, para efectos da elaboración dun texto refundido, a Lei 16/2011, do 24 de xuño, de contratos de crédito ao consumo, e a Lei 34/1988, do 11 de novembro, xeral de publicidade. Tamén se permite que o Goberno poida ampliar o catálogo das actividades comerciais e servizos, para os efectos da inexixibilidade das licenzas, así como o limiar de superficie previsto no título I desta lei; salvagárdase, así mesmo, a competencia das comunidades autónomas para ampliar o dito catálogo e limiar; dispónse que o Goberno deberá, en todo caso, revisalos no prazo dun ano desde a entrada en vigor da lei; habilítase o Goberno para que dite as disposicións necesarias para o desenvolvemento e a aplicación do título II desta lei; identifícanse os títulos competenciais que atribúen ao Estado a competencia para ditalo e determínase que a súa entrada en vigor se producirá o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado». Por último, introdúcese un anexo en que se identifican as agrupacións e os grupos de actividades afectados do Real decreto 1175/1990, do 28 de setembro, polo que se aproban as tarifas e a instrución do imposto sobre actividades económicas.

## TÍTULO I

### De medidas urxentes de impulso do comercio

#### Artigo 1. *Obxecto.*

O título I desta lei ten por obxecto o impulso e a dinamización da actividade comercial retallista e de determinados servizos mediante a eliminación de cargas e restricións administrativas existentes que afectan o inicio e exercicio da actividade comercial, en particular, mediante a supresión das licenzas de ámbito municipal vinculadas cos establecementos comerciais, as súas instalacións e determinadas obras previas.

#### Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

1. As disposicións contidas no título I desta lei aplicaranse ás actividades comerciais retallistas e á prestación de determinados servizos previstos no anexo desta lei, realizados a través de establecementos permanentes, situados en calquera parte do territorio nacional, e cuxa superficie útil de exposición e venda ao público non sexa superior a 300 metros cadrados.



2. Quedan á marxe da regulación contida no título I desta lei as actividades desenvolvidas nos mencionados establecementos que teñan impacto no patrimonio histórico-artístico ou no uso privativo e ocupación dos bens de dominio público.

#### Artigo 3. *Inexixibilidade de licenza.*

1. Para o inicio e desenvolvemento das actividades comerciais e servizos definidos no artigo anterior, non poderá exixirse por parte das administracións ou entidades do sector público a obtención de licenza previa de instalacións, de funcionamento ou de actividade, nin outras de clase similar ou análogas que suxeiten á autorización previa o exercicio da actividade comercial que se vai desenvolver ou a posibilidade mesma da apertura do establecemento correspondente.

2. Tampouco están suxeitos a licenza os cambios de titularidade das actividades comerciais e de servizos. Nestes casos será exixible comunicación previa á Administración competente só para efectos informativos.

3. Non será exixible licenza ou autorización previa para a realización das obras ligadas ao acondicionamento dos locais para desempeñar a actividade comercial cando non requiran da redacción dun proxecto de obra de conformidade co artigo 2.2 da Lei 38/1999, do 5 de novembro, de ordenación da edificación.

4. A inexixibilidade de licenza que por este artigo se determina non rexerá respecto das obras de edificación que fosen precisas conforme o ordenamento vixente, as cales se seguirán regulando, en canto á exixencia de licenza previa, requisitos xerais e competencia para o seu outorgamento, pola súa normativa correspondente.

#### Artigo 4. *Declaración responsable ou comunicación previa.*

1. As licenzas previas que, de acordo cos artigos anteriores, non poidan ser exixidas, serán substituídas por declaracións responsables ou ben por comunicacións previas, de conformidade co establecido no artigo 71.bis da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, relativas ao cumprimento das previsións legais establecidas na normativa vixente. En todo caso, o declarante deberá estar en posesión do xustificante de pagamento do tributo correspondente cando sexa preceptivo.

2. A declaración responsable ou a comunicación previa deberá conter unha manifestación explícita do cumprimento daqueles requisitos que resulten exixibles de acordo coa normativa vixente, incluído, de ser o caso, estar en posesión da documentación que así o acredite e do proxecto cando corresponda.

3. Os proxectos a que se refire o número anterior deberán estar asinados por técnicos competentes de acordo coa normativa vixente.

4. Cando se deban realizar diversas actuacións relacionadas coa mesma actividade ou no mesmo local en que esta se desenvolve, as declaracións responsables, ou as comunicacións previas, tramitaranse conxuntamente.

#### Artigo 5. *Suxeición ao réxime xeral de control.*

A presentación da declaración responsable, ou da comunicación previa, co conseqüente efecto de habilitación a partir dese momento para o exercicio material da actividade comercial, non prexulgará en modo ningún a situación e o efectivo acomodo das condicións do establecemento á normativa aplicable, nin limitará o exercicio das potestades administrativas, de comprobación, inspección, sanción e, en xeral, de control que á Administración en calquera orde, estatal, autonómica ou local, lle estean atribuídas polo ordenamento sectorial aplicable en cada caso.

No marco das súas competencias, habilítanse as entidades locais para regularen o procedemento de comprobación posterior dos elementos e circunstancias postas de manifesto polo interesado a través da declaración responsable ou da comunicación previa, de acordo co disposto no artigo 71.bis da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

## TÍTULO II

**Do apoio á exportación de material de defensa polo Ministerio de Defensa**

Artigo 6. *Contratos relativos á subministración de material de defensa.*

O Ministerio de Defensa, en cumprimento dos termos establecidos nun contrato celebrado entre o Goberno de España e outro Goberno estranxeiro, poderá levar a cabo as actuacións de contratación en nome e representación do dito goberno estranxeiro, supervisión, apoio loxístico e transferencia de tecnoloxía necesarias para a entrega a este dun determinado material de defensa, nos termos que se conteñen no artigo 8 desta lei.

Artigo 7. *Garantías do Goberno estranxeiro.*

As responsabilidades asumidas polo Ministerio de Defensa en virtude do contrato celebrado entre o Goberno de España e un Goberno estranxeiro deberán estar suficientemente garantidas por este último.

Artigo 8. *Actuacións a cargo do Ministerio de Defensa.*

1. En cumprimento dos termos establecidos nun contrato celebrado entre o Goberno de España e un Goberno estranxeiro, o Ministerio de Defensa poderá levar a cabo as seguintes actuacións:

- a) Contratar, de acordo co previsto no artigo 11.1 desta lei, en nome e representación dun Goberno estranxeiro, a subministración do material de defensa que solicite o Goberno estranxeiro, así como supervisar a execución e o cumprimento do contrato e recibir o obxecto de subministración.
- b) Supervisar o cumprimento en tempo e forma doutros contratos de subministración de material de defensa celebrados entre gobernos estranxeiros e unha empresa con domicilio en territorio español.
- c) Planear e administrar programas de obtención de material de defensa en favor de gobernos estranxeiros.
- d) Transmitir o coñecemento operativo e tecnolóxico sobre material de defensa a gobernos estranxeiros, así como contratar a súa transmisión.
- e) Prestar servizos de adestramento técnico e operativo ou outros servizos necesarios para a execución dun programa de material de defensa e contratar a súa prestación.
- f) Levar a cabo actividades de aseguramento da calidade.
- g) Calquera outra actividade complementaria das anteriores ou necesarias para a boa fin delas.

2. A realización das actividades recollidas no número 1 que impliquen actos de contratación polo Ministerio de Defensa por conta dun Goberno estranxeiro en ningún caso suporá custo ou beneficio económico para o Ministerio de Defensa.

3. A realización das actividades a que se refire o número 1, cando deriven de contratos celebrados entre o Goberno de España e outros gobernos de Estados membros da Unión Europea, axustarase ao previsto na normativa comunitaria.

Artigo 9. *Non integración dos bens obxecto de subministración no patrimonio das administracións públicas.*

En ningún caso o material de defensa cuxa subministración for contratada polo Ministerio de Defensa, a que fai referencia o artigo 8.1, pasará a formar parte do patrimonio das administracións públicas.

Artigo 10. *Condición de exportador.*

Para os efectos da Lei 53/2007, do 28 de decembro, sobre o control do comercio exterior de material de defensa e de dobre uso, a realización polo Ministerio de Defensa das actividades descritas no artigo 8.1 non alterará a condición de exportador do contratista.

Artigo 11. *Contratos en nome e representación dun Goberno estranxeiro.*

1. Sen prexuízo do que se estableza no contrato suscrito entre o Goberno de España e outro Goberno estranxeiro, e en todo o non previsto neste título, a celebración de contratos para a execución das actuacións previstas no artigo 8.1 rexeráse pola normativa vixente en materia de contratos do sector público.

2. Incorporarase ao expediente de contratación o documento que acredite a dispoñibilidade dos fondos necesarios para a adquisición dun compromiso de gasto, emitido pola entidade de crédito en que estea situada a conta de situación de fondos referida no artigo 12 desta lei.

3. As garantías financeiras que se prestarán nos contratos celebrados co Ministerio de Defensa serán depositadas na mesma entidade de crédito en que se abraza unha conta de situación de fondos. A responsabilidade na xestión das ditas garantías corresponderá, en todo caso e con carácter exclusivo, ao Ministerio de Defensa.

No caso de que a garantía se preste mediante aval, este deberase constituír con carácter solidario e con renuncia ao beneficio de excusión.

No caso de que a garantía se constituía mediante contrato de seguro de caución, serán de aplicación as seguintes normas:

- a) O Goberno estranxeiro deberá ter a condición de asegurado.
- b) En caso de incumprimento do tomador do seguro, a indemnización que derive do contrato de seguro de caución deberá ser ingresada na conta a que fai referencia o artigo 12 desta lei.
- c) O contrato deberá celebrarse con entidades aseguradoras habilitadas para operar en España no ramo de seguro de caución.

4. A imposición de penalidades ao contratista en caso de demora farase efectiva mediante a dedución das cantidades que, en concepto de pagamento total ou parcial, deban aboárselle ao contratista ou sobre a garantía que, de ser o caso, se constituíse, cando non poidan deducirse das retencións practicadas sobre a conta de situación de fondos do Goberno estranxeiro.

5. Nos casos en que, conforme o ordenamento xurídico español, no exercicio das actuacións sinaladas no artigo 8.1, o Ministerio de Defensa sexa responsable de danos e perdas ocasionados polo contratista a terceiros como consecuencia inmediata e directa dunha orde dada ou como consecuencia dos vicios do proxecto elaborado por aquel para a subministración de fabricación, as indemnizacións por danos e perdas executaranse contra a conta de situación de fondos do Goberno estranxeiro.

6. No caso de que o Ministerio de Defensa, actuando en virtude da representación asumida, demorase o aboamento do prezo por realización total ou parcial dun contrato, os xuros por tal demora e a indemnización por custos de cobramento executaranse contra a conta de situación de fondos do Goberno estranxeiro.

7. En caso de suspensión do contrato por instancia do Goberno estranxeiro, aboaránselle ao contratista os danos e perdas efectivamente sufridos con cargo á conta de situación de fondos do Goberno estranxeiro.

8. En caso de extinción do contrato por cumprimento, de se producir demora no pagamento do saldo de liquidación, o contratista terá dereito a percibir os xuros de demora e a indemnización polos custos de cobramento con cargo á conta de situación de fondos do Goberno estranxeiro.

9. En caso de resolución do contrato pola causa prevista no artigo 223.g) do texto refundido da Lei de contratos do sector público, os xuros de demora e indemnizacións



que correspondan executaranse contra a conta de situación de fondos do Goberno estranxeiro.

*Artigo 12. Contas de situación de fondos destinadas a financiar a adquisición de material de defensa por un Goberno estranxeiro.*

1. Para a realización das actividades previstas no artigo 8.1, o Ministerio de Defensa poderá, actuando por conta dun Goberno estranxeiro, en virtude dun contrato celebrado entre o Goberno de España e outro Goberno estranxeiro, administrar contas de situación de fondos abertas por aquel en entidades de crédito con domicilio en territorio español, así como contratar a súa apertura.

2. A apertura da conta de situación de fondos deberá contratarse de modo que unicamente o Ministerio de Defensa estea habilitado para extraer e reter fondos dela.

3. Para a apertura da citada conta de situación de fondos polo Ministerio de Defensa, o expediente de contratación deberase axustar ao disposto na normativa sobre contratos do sector público, mediante procedemento negociado cun mínimo de tres ofertas e sen necesidade de exixir prestación de garantía definitiva. Os contratos conterán necesariamente unha cláusula de exclusión da facultade de compensación con outros fondos depositados polo Goberno estranxeiro na mesma entidade de crédito.

Realizada a adxudicación e formalizado o contrato, comunicaranse tales actos ao Goberno estranxeiro con expresión da data a partir da cal comece a execución daquel.

4. O Ministerio de Defensa poderá subscribir convenios coas entidades de crédito, tendentes a determinar o réxime de funcionamento das contas abertas para os fins expresados neste título en que se encontren situados os fondos de gobernos estranxeiros e, en especial, o tipo de xuro a que serán retribuídas, as comisións pagadoiras, de ser o caso, os medios de pagamento asociados a elas e as obrigas de información asumidas polas entidades de crédito.

5. O Ministerio de Defensa, en relación coas referidas contas, poderá solicitar, do órgano administrativo xestor ou da correspondente entidade de crédito, calquera dato tendente a comprobar o cumprimento das condicións en que se autorizou a apertura da conta.

6. Semestralmente remitiráselle á Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos información sobre a evolución e situación das contas de situación de fondos.

*Artigo 13. Custos.*

1. Os custos derivados das actividades previstas no artigo 8 serán cargados directamente á conta de situación de fondos do Goberno estranxeiro.

2. Os gastos ocasionados ao Ministerio de Defensa pola prestación de servizos que deriven da realización das actividades descritas no artigo 8 serán reembolsados, con cargo á citada conta, mediante ingreso a favor do Tesouro público.

*Artigo 14. Control da xestión económico-financeira.*

As funcións de control da xestión económico-financeira previstas no título VI da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, exerceranse por analoxía sobre as actuacións previstas neste título e as contas de situación de fondos.

*Artigo 15. Réxime de responsabilidades.*

O réxime de responsabilidades previsto no título VII da Lei 47/2003, do 26 de novembro, será de aplicación ás actuacións sinaladas no artigo 8, nos termos establecidos pola dita lei.

Disposición adicional primeira. *Accións de colaboración coas administracións públicas.*

1. O Estado promoverá coa asociación de entidades locais de ámbito estatal con maior implantación a elaboración dun modelo tipo de declaración responsable e de comunicación previa, para os efectos previstos no título I desta lei, e poden convir as accións de colaboración que xulguen oportunas.

2. Así mesmo, no marco do Comité para a mellora da regulación das actividades de servizos, as administracións públicas cooperarán para promover a elaboración dunha ordenanza tipo en materia de actos de control e intervención municipal que terá en conta o contido do título I desta lei en relación coa actividade de comercio retalista.

3. O Estado promoverá a posta en marcha e a implantación de mecanismos de tramitación electrónica e portelo único que axuden a potenciar os positivos efectos da simplificación normativa derivados das medidas previstas no título I desta lei e nos anteriores números desta disposición adicional. Con esta actuación o Goberno contribuirá de maneira eficaz ao cumprimento da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, que prevé a implantación de mecanismos de tramitación electrónica nas administracións públicas para a redución de cargas administrativas e eliminación de ineficiencias, tanto para as administracións públicas como para os administrados.

Disposición adicional segunda. *Habilitación ás entidades colaboradoras.*

Para o desempeño da actividade de comprobación dos requisitos e circunstancias referidos na declaración responsable ou comunicación previa reguladas no artigo 4 desta lei, as corporacións locais competentes poderán recorrer á colaboración privada de entidades de valoración, comprobación e control, legalmente acreditadas, a través das cales poderase xestionar a totalidade ou unha parte da actividade de comprobación. As ditas entidades actuarán en réxime de concorrencia. En calquera caso, os interesados, para efectos da valoración dos requisitos manifestados nas súas declaracións responsables ou nas súas comunicacións previas, poderán libremente facer uso ou non dos servizos das ditas entidades, sen que disto poida derivar ningún tratamento diferenciado por parte da Administración competente, destinataria da comunicación.

Disposición adicional terceira. *Instalacións de redes públicas de comunicacións electrónicas.*

As disposicións contidas no título I desta lei aplicaranse ás estacións ou instalacións radioeléctricas utilizadas para a prestación de servizos de comunicacións electrónicas dispoñibles para o público, coa excepción daquelas en que concorran as circunstancias referidas no artigo 2.2 desta lei, que ocupen unha superficie superior a 300 metros cadrados, computándose para ese efecto toda a superficie incluída dentro do valado da estación ou instalación ou, tratándose de instalacións de nova construción, teñan impacto en espazos naturais protexidos.

Esta disposición enténdese sen prexuízo da aplicación ás ditas instalacións do establecido na Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, e na súa normativa de desenvolvemento.

Disposición transitoria. *Solicitudes de licenzas efectuadas con anterioridade.*

1. Os procedementos iniciados con anterioridade á entrada en vigor do título I desta lei, e que teñan por finalidade a obtención das licenzas ou autorizacións que fosen precisas conforme a normativa anterior, tramitaranse e resolveranse pola normativa vixente no momento da presentación da solicitude.

2. Non obstante o disposto no punto anterior, o interesado poderá, con anterioridade á resolución, desistir da súa solicitude e, deste modo, optar pola aplicación da nova normativa no que esta, pola súa vez, resulte de aplicación.

Disposición derogatoria.

Quedan derogadas cantas normas de igual ou inferior rango contradigan ou se opoñan ao previsto nesta lei e, en concreto, o Real decreto lei 19/2012, do 25 de maio, de medidas urxentes de liberalización do comercio e de determinados servizos.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.*

O texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, queda modificado como segue:

Un. Modifícase o contido das letras h) e i) do punto 4 do artigo 20, que queda redactado da seguinte maneira:

«h) Outorgamento das licenzas urbanísticas exixidas pola lexislación do solo e ordenación urbana ou realización das actividades administrativas de control nos supostos en que a exixencia de licenza for substituída pola presentación de declaración responsable ou comunicación previa.

i) Outorgamento das licenzas de apertura de establecementos ou realización das actividades administrativas de control nos supostos en que a exixencia de licenza for substituída pola presentación de declaración responsable ou comunicación previa.»

Dous. Modifícase o número 1 do artigo 100, que queda redactado da seguinte maneira:

«1. O imposto sobre construcións, instalacións e obras é un tributo indirecto cuxo feito imponible está constituído pola realización, dentro do termo municipal, de calquera construción, instalación ou obra para a cal se exixa obtención da correspondente licenza de obras ou urbanística, se obtivese ou non a dita licenza, ou para a cal se exixa presentación de declaración responsable ou comunicación previa, sempre que a expedición da licenza ou a actividade de control corresponda ao concello da imposición.»

Tres. Modifícase o número 2 do artigo 101, que queda redactado da seguinte maneira:

«2. No suposto de que a construción, instalación ou obra non sexa realizada polo suxeito pasivo contribuínte, terán a condición de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte aqueles que soliciten as correspondentes licenzas ou presenten as correspondentes declaracións responsables ou comunicacións previas ou os que realicen as construcións, instalacións ou obras.

O substituto poderá exixir do contribuínte o importe da cota tributaria satisfeita.»

Catro. *Modifícase o número 1 do artigo 103, que queda redactado da seguinte maneira:*

«1. Cando se conceda a licenza preceptiva ou se presente a declaración responsable ou a comunicación previa ou cando, non se tendo solicitado, concedido ou denegado aínda aquela ou presentado estas, se inicie a construción, instalación ou obra, practicarase unha liquidación provisional á conta e determinarase a base imponible:

a) En función do orzamento presentado polos interesados, sempre que fose visado polo colexio oficial correspondente cando isto constituía un requisito preceptivo.

b) Cando a ordenanza fiscal así o prevexa, en función dos índices ou módulos que esta estableza para o efecto.

Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra, e tendo en conta o seu custo real e efectivo, o concello, mediante a oportuna comprobación administrativa, modificará, de ser o caso, a base impositiva a que se refire o punto anterior practicando a correspondente liquidación definitiva, e exixindo do suxeito pasivo ou reintegrándolle, de ser o caso, a cantidade que corresponda.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación da Lei 18/2009, do 23 de novembro, pola que se modifica o texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria, aprobado polo Real decreto legislativo 339/1990, do 2 de marzo, en materia sancionadora.*

A Lei 18/2009, do 23 de novembro, pola que se modifica o texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria, aprobado polo Real decreto legislativo 339/1990, do 2 de marzo, en materia sancionadora, queda modificada como segue:

Un. A disposición transitoria segunda queda redactada nos seguintes termos:

«Disposición transitoria segunda. *Práctica das notificacións no enderezo electrónico viario e no taboleiro de edictos de sancións de tráfico.*

As administracións locais practicarán as notificacións no enderezo electrónico viario ou, de ser o caso, no taboleiro de edictos de sancións de tráfico antes do 25 de maio de 2014, sempre que o permitan as súas dispoñibilidades orzamentarias e os seus medios técnicos.»

Dous. Modifícase o número 3 da disposición derradeira sexta coa seguinte redacción:

«3. Autorízase o Goberno para modificar, mediante real decreto, a previsión temporal sobre a práctica das notificacións no enderezo electrónico viario e no taboleiro de edictos de sancións de tráfico contida na disposición transitoria segunda, atendendo á situación financeira e ás posibilidades reais de implementación polas administracións locais das medidas necesarias para a plena efectividade deste sistema de notificacións.»

Disposición derradeira terceira. *Modificación do Real decreto lei 12/2012, do 30 de marzo, polo que se introducen diversas medidas tributarias e administrativas dirixidas á redución do déficit público.*

Con efectos desde a entrada en vigor do Real decreto lei 12/2012, do 30 de marzo, polo que se introducen diversas medidas tributarias e administrativas dirixidas á redución do déficit público, engádense dous novos números 6 e 7 na disposición adicional primeira do citado real decreto lei, que quedan redactados da seguinte forma:

«6. Cando o titular xurídico do ben ou dereito obxecto da declaración tributaria especial non resida en territorio español e non coincida co titular real, poderase considerar titular este último sempre que chegue a ter a titularidade xurídica dos bens ou dereitos con anterioridade ao 31 de decembro de 2013.

A posterior adquisición da titularidade xurídica dos citados bens ou dereitos polo titular real determinará que este se subroga na posición daquel respecto dos valores e datas de adquisición dos bens ou dereitos e que non se integren na base impositiva dos impostos a que se refire esta disposición adicional as rendas que se poñan de manifesto con ocasión da dita adquisición.

7. O valor de adquisición dos bens e dereitos obxecto da declaración especial será válido para efectos fiscais en relación cos impostos a que se refire o número 1 anterior, a partir da data de presentación da declaración e realización do ingreso correspondente. Non obstante, cando o valor de adquisición sexa superior ao

valor normal de mercado dos bens ou dereitos nesa data, para efectos de futuras transmisións unicamente serán computables as perdas ou, de ser o caso, os rendementos negativos, na medida en que excedan a diferenza entre ambos os dous valores.

En ningún caso serán fiscalmente deducibles as perdas por deterioración ou correccións de valor correspondentes aos bens e dereitos obxecto da declaración especial, nin as perdas derivadas da transmisión de tales bens e dereitos cando o adquirente sexa unha persoa ou entidade vinculada nos termos establecidos no artigo 16 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2004, do 5 de marzo.

Cando sexan obxecto de declaración bens ou dereitos cuxa titularidade se corresponda parcialmente con rendas declaradas, os citados bens ou dereitos manterán para efectos fiscais o valor que tivesen con anterioridade á presentación da declaración especial.»

Disposición derradeira cuarta. *Modificación do Real decreto lei 16/2012, do 20 de abril, de medidas urxentes para garantir a sustentabilidade do Sistema nacional de saúde e mellorar a calidade e seguridade das súas prestacións.*

O artigo 5 do Real decreto lei 16/2012, do 20 de abril, de medidas urxentes para garantir a sustentabilidade do Sistema nacional de saúde e mellorar a calidade e seguridade das súas prestacións, queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 5. *Modificación do Real decreto 823/2008, do 16 de maio, polo que se establecen as marxes, deducións e descontos correspondentes á distribución e dispensación de medicamentos de uso humano.*

Modifícase o punto 8 do artigo 2 do Real decreto 823/2008, do 16 de maio, polo que se establecen as marxes, deducións e descontos correspondentes á distribución e dispensación de medicamentos de uso humano, que queda redactado como segue:

«8. Co obxecto de garantir a accesibilidade e calidade no servizo, así como a adecuada atención farmacéutica aos usuarios do Sistema nacional de saúde, ás oficinas de farmacia que resulten exentas da escala de deducións regulada no número 5 deste artigo seralles de aplicación ao seu favor un índice corrector das marxes das oficinas de farmacia correspondente ás receitas ou ordes de dispensación de medicamentos de uso humano fabricados industrialmente dispensados con cargo a fondos públicos, conforme a seguinte escala:

Diferencial		Porcentaxe	Fixo
De	a		
0,01	2.750,00	7,25	
2.750,01	5.500,00	7,75	199,38
5.500,01	8.250,00	8,25	412,50
8.250,01	10.466,66	8,75	639,37
10.466,67	12.500,00		833,33

Para a aplicación do tramo correspondente da mencionada escala terase en conta a contía da diferenza entre 12.500 euros e o importe da facturación mensual correspondente ás receitas ou ordes de dispensación de medicamentos de uso humano fabricados industrialmente dispensados con cargo a fondos públicos. A dita facturación mensual calcularase en termos de prezo de venda ao público incrementado co imposto sobre o valor engadido. Polo que se refire ás presentacións de medicamentos con prezo industrial superior a 91,63 euros e para

efectos da dita facturación mensual, excluírase do dito cómputo a cantidade que, calculada en termos de prezo de venda ao público, incluído o imposto sobre o valor engadido, exceda o citado prezo industrial.

Á diferenza entre a dita contía e o tramo inferior que corresponda da mencionada escala aplicaráselle a porcentaxe sinalada nela e á cantidade resultante engadiráselle o importe fixo especificado en cada tramo da escala. En ningún caso o importe derivado da aplicación do índice corrector das marxes poderá superar, a favor da farmacia, os 833,33 euros mensuais.

Tales oficinas de farmacia deberán cumprir, ademais, os seguintes requisitos:

- a) Que non fosen obxecto de sanción administrativa ou inhabilitación profesional nin estean excluídas da súa concertación.
- b) Que participen nos programas de atención farmacéutica e na realización do conxunto de actividades destinadas á utilización racional dos medicamentos que estableza a Administración sanitaria correspondente.
- c) Que as súas vendas anuais totais, en termos de prezo de venda ao público incrementado co imposto sobre o valor engadido, non superen os 200.000 euros no exercicio económico correspondente ao ano natural anterior.

A decisión sobre o cumprimento dos requisitos exixidos, así como a resolución das incidencias que se produzan para o efecto, corresponderá ás distintas administracións sanitarias competentes en materia de ordenación farmacéutica que establecerán o procedemento para a súa aplicación. De todo iso darase audiencia previa á Mutualidade Xeral de Funcionarios da Administración Civil do Estado, á Mutualidade Xeral Xudicial, ao Instituto Social das Forzas Armadas e, de ser o caso, ao Instituto Nacional de Xestión Sanitaria.

A contía derivada da aplicación do índice corrector das marxes correspondente ás administracións sanitarias do Sistema nacional de saúde, incluíndo a Mutualidade Xeral de Funcionarios da Administración Civil do Estado, a Mutualidade Xeral Xudicial e o Instituto Social das Forzas Armadas, será a que resulte de aplicar a porcentaxe que representa cada unha delas na facturación mensual de cada oficina de farmacia, consideradas conxuntamente. O procedemento de xestión da dita información axustarase ás regras establecidas respecto dos informes relativos á aplicación da escala conxunta de deducións.»»

Disposición derradeira quinta. *Modificación da Lei 26/2011, do 1 de agosto, de adaptación normativa á Convención internacional sobre os dereitos das persoas con discapacidade.*

A disposición derradeira segunda da Lei 26/2011, do 1 de agosto, de adaptación normativa á Convención internacional sobre os dereitos das persoas con discapacidade, queda redactada nos seguintes termos:

«O Goberno elaborará e aprobará antes do 31 de decembro de 2013, e logo de consulta ao Consello Nacional da Discapacidade, un texto refundido no cal se regularicen, aclaren e harmonicen a Lei 13/1982, do 7 de abril, de integración social dos minusválidos; a Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade, e a Lei 49/2007, do 26 de decembro, de infraccións e sancións en materia de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade.»

Disposición derradeira sexta. *Modificación da Lei 16/2011, do 24 de xuño, de contratos de crédito ao consumo.*

Modifícase o parágrafo primeiro do número 1 do artigo 34, que queda redactado da seguinte maneira:



«1. O incumprimento das disposicións desta lei por persoas físicas e xurídicas distintas das previstas no número 2 será sancionado como infracción en materia de consumo e a elas aplicaráselles o disposto no réxime sancionador xeral de protección dos consumidores e usuarios previsto no título IV do libro primeiro do texto refundido da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios e outras leis complementarias, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2007, do 16 de novembro, e demais normas aplicables, así como nas normas establecidas nas leis autonómicas correspondentes.»

Disposición derradeira sétima. *Modificación da Lei 34/1988, do 11 de novembro, xeral de publicidade.*

O punto 5 do artigo 5 da Lei 34/1988, do 11 de novembro, xeral de publicidade, queda redactado nos seguintes termos:

«5. Prohíbese a publicidade de bebidas con graduación alcohólica superior a 20 graos por medio da televisión.

Queda prohibida a publicidade de bebidas alcohólicas con graduación alcohólica superior a 20 graos naqueles lugares onde estea prohibida a súa venda ou consumo.

A forma, contido e condicións da publicidade de bebidas alcohólicas serán limitados regulamentariamente para a protección da saúde e seguridade das persoas, tendo en conta os suxeitos destinatarios, a non indución directa ou indirecta ao seu consumo indiscriminado e en atención aos ámbitos educativos, sanitarios e deportivos.

Cos mesmos fins que o parágrafo anterior o Goberno poderá, regulamentariamente, estender as prohibicións previstas neste número para bebidas con máis de 20 graos a bebidas con graduación alcohólica inferior a 20 graos.»

Disposición derradeira oitava. *Habilitación ao Goberno para modificar o catálogo de actividades previsto no anexo desta lei.*

O Goberno, por proposta do ministro de Economía e Competitividade, poderá modificar o catálogo das actividades comerciais e servizos previsto no anexo desta lei. En todo caso, procederá a revisalo no prazo dun ano desde a súa entrada en vigor.

Disposición derradeira novena. *Habilitación ao Goberno para modificar o limiar de superficie previsto no título I desta lei.*

O Goberno, por proposta do ministro de Economía e Competitividade, poderá modificar o limiar de superficie aplicable, previsto no título I desta lei, co obxecto de poder estendelo a outras superficies adaptándose ás circunstancias do mercado e da conxuntura económica. En todo caso, procederá a revisalo no prazo dun ano desde a súa entrada en vigor.

Disposición derradeira décima. *Ampliación polas comunidades autónomas do limiar de superficie, do catálogo de actividades e outros supostos de inexixibilidade de licenzas.*

As comunidades autónomas, no ámbito das súas competencias, poderán ampliar o limiar de superficie e o catálogo de actividades comerciais e servizos, previstos no título I e no anexo desta lei, así como determinar calquera outro suposto de inexixibilidade de licenzas.

Disposición derradeira décimo primeira. *Título competencial.*

A presente lei dítase ao abeiro do disposto nas regras 1.<sup>a</sup>, 13.<sup>a</sup>, 14.<sup>a</sup>, 16.<sup>a</sup> e 18.<sup>a</sup> do artigo 149.1 da Constitución española, que lle atribúen ao Estado a competencia exclusiva sobre a regulación das condicións básicas que garantan a igualdade de todos os españois no exercicio dos dereitos e no cumprimento dos deberes constitucionais, o establecemento das bases e a coordinación da actividade económica, facenda xeral, lexislación sobre produtos farmacéuticos, así como o establecemento das bases do réxime xurídico das administracións públicas.

Disposición derradeira décimo segunda. *Desenvolvemento regulamentario do título II.*

O Goberno poderá ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento e a aplicación do establecido no título II desta lei.

Disposición derradeira décimo terceira. *Réxime sancionador.*

O Goberno, no prazo dun ano, presentará un proxecto de lei que regule as infraccións e sancións aplicables aos casos de incumprimento das obrigas previstas nesta lei.

Disposición derradeira décimo cuarta. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,  
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 26 de decembro de 2012.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
MARIANO RAJOY BREY

## ANEXO

### Actividades incluídas no ámbito de aplicación desta lei

As seguintes actividades identificáronse coas claves e nos termos establecidos polo Real decreto 1175/1990, do 28 de setembro, polo que se aproban as tarifas e a instrución do imposto sobre actividades económicas.

#### *Agrupación 45. Industria do calzado e vestido e outras confeccións téxtiles*

Grupo 452. Fabricación de calzado de artesanía e a medida (incluído o calzado ortopédico).

Epígrafe 452.1. Calzado de artesanía e a medida.

Epígrafe 452.2. Calzado ortopédico con excepción do considerado produto sanitario.

Grupo 454. Confección a medida de roupa de vestir e os seus complementos.

Epígrafe 454.1. Roupas de vestir feitas a medida.

Epígrafe 454.2. Chapeus e accesorios para o vestido feitos a medida.

#### *Agrupación 64. Comercio ao retallo de produtos alimenticios, bebidas e tabaco realizado en establecementos permanentes*

Grupo 641 Comercio ao retallo de froitas, verduras, hortalizas e tubérculos.

Grupo 642. Comercio ao retallo de carnes e miúdos; de produtos e derivados cárnicos elaborados; de ovos, aves, coellos de granxa, caza; e de produtos derivados.

Epígrafe 642.1. Comercio ao retallo de carnes e miúdos; de produtos e derivados cárnicos elaborados; de ovos, aves, coellos de granxa, caza; e de produtos derivados.

Epígrafe 642.2. Comercio ao retallo, en dependencias de venda de cortadorías-chacinarías, de carnes frescas e conxeladas, miúdos e toda clase de produtos e derivados cárnicos; de ovos, aves, coellos de granxa, caza e de produtos derivados.

Epígrafe 642.3. Comercio ao retallo, en dependencias de venda de cortadorías-salchicharías, de carnes frescas e conxeladas, miúdos, produtos procedentes de industrias cárnicas e produtos cárnicos frescos, crus, adubados, touciño salgado, embutidos de sangue (morcillas) e os tradicionais destas características para os cales estean autorizados; así como de ovos, aves, coellos de granxa, caza e de produtos derivados.

Epígrafe 642.4. Comercio ao retallo, en cortadorías, de carnes frescas e conxeladas, miúdos e produtos e derivados cárnicos elaborados; ben como de ovos, aves, coellos de granxa, caza e de produtos derivados.

Epígrafe 642.5. Comercio ao retallo de ovos, aves, coellos de granxa, caza; e de produtos derivados.

Epígrafe 642.6. Comercio ao retallo, en tendas especializadas, de vísceras e miúdos procedentes de animais de abasto, frescos e conxelados.

Grupo 643. Comercio ao retallo de peixes e outros produtos da pesca e da acuicultura e de caracois.

Epígrafe 643.1. Comercio ao retallo de peixes e outros produtos da pesca e da acuicultura e de caracois.

Epígrafe 643.2. Comercio ao retallo de bacallau e outros peixes salgados.

Grupo 644. Comercio ao retallo de pan, pastelería, confeitaría e similares e de leite e produtos lácteos.

Epígrafe 644.1. Comercio ao retallo de pan, pastelería, confeitaría e similares e de leite e produtos lácteos.

Epígrafe 644.2. Despachos de pan, pans especiais e bolaría.  
Epígrafe 644.3. Comercio ao retallo de produtos de pastelería, bolaría e confeitaría.  
Epígrafe 644.4. Comercio ao retallo de xeados.  
Epígrafe 644.5. Comercio ao retallo de bombóns e caramelos.  
Epígrafe 644.6. Comercio ao retallo de masas fritas, con ou sen coberturas ou recheos, patacas fritas, produtos de aperitivo, froitos secos, lambetadas, preparados de chocolate e bebidas refrescantes.

Grupo 645. Comercio ao retallo de viños e bebidas de todas as clases.  
Grupo 647. Comercio ao retallo de produtos alimenticios e bebidas en xeral.

Epígrafe 647.1. Comercio ao retallo de calquera clase de produtos alimenticios e de bebidas en establecementos con vendedor.

Epígrafe 647.2. Comercio ao retallo de calquera clase de produtos alimenticios e de bebidas en réxime de autoservizo ou mixto en establecementos cuxa sala de vendas teña unha superficie inferior a 120 metros cadrados.

Epígrafe 647.3. Comercio ao retallo de calquera clase de produtos alimenticios e bebidas en réxime de autoservizo ou mixto en supermercados, denominados así cando a superficie da súa sala de vendas se encontre comprendida entre 120 e 399 metros cadrados.

*Agrupación 65. Comercio ao retallo de produtos industriais non alimenticios realizado en establecementos permanentes*

Grupo 651. Comercio ao retallo de produtos téxtiles, confección, calzado, peles e artigos de coiro.

Epígrafe 651.1. Comercio ao retallo de produtos téxtiles, confeccións para o lar, alfombras e similares e artigos de tapizaría.

Epígrafe 651.2. Comercio ao retallo de toda clase de pezas para o vestido e toucado.

Epígrafe 651.3. Comercio ao retallo de lenzaría.

Epígrafe 651.4. Comercio ao retallo de artigos de mercería e paquetería.

Epígrafe 651.5. Comercio ao retallo de pezas de roupa especiais.

Epígrafe 651.6. Comercio ao retallo de calzado, artigos de pel e imitación ou produtos substitutivos, cintos, carteiras, bolsos, maletas e artigos de viaxe en xeral.

Epígrafe 651.7. Comercio ao retallo de confeccións de peletaría.

Grupo 652. Comercio ao retallo de artigos de drogaría e limpeza; perfumaría e cosméticos de todas as clases; e de produtos químicos en xeral; comercio ao retallo de herbas e plantas en herboristaría.

Epígrafe 652.2. Comercio ao retallo de produtos de drogaría, perfumaría e cosmética, limpeza, pinturas, vernices, disolventes, papeis e outros produtos para a decoración e de produtos químicos.

Epígrafe 652.3. Comercio ao retallo de produtos de perfumaría e cosmética, e de artigos para a hixiene e o aseo persoal.

Epígrafe 652.4. Comercio ao retallo de plantas e herbas en herboristaría.

Grupo 653. Comercio ao retallo de artigos para o equipamento do lar e a construción.

Epígrafe 653.1. Comercio ao retallo de mobles (excepto os de oficina).

Epígrafe 653.2. Comercio ao retallo de material e aparellos eléctricos, electrónicos, electrodomésticos e outros aparellos de uso doméstico accionados por outro tipo de enerxía distinta da eléctrica, así como de mobles de cociña.

Epígrafe 653.3. Comercio ao retallo de artigos de enxoval, ferraxaría, adorno, agasallo ou reclamo (incluíndo bixutería e pequenos electrodomésticos).

Epígrafe 653.4 Comercio ao retallo de materiais de construción e de artigos e mobiliario de saneamento.

Epígrafe 653.5. Comercio ao retallo de portas, xanelas e persianas, molduras e marcos, tarimas e parqué mosaico, cestaría e artigos de cortiza.

Epígrafe 653.6. Comercio ao retallo de artigos de bricolaxe.

Epígrafe 653.9. Comercio ao retallo doutros artigos para o equipamento do lar n.c.n.p.

Grupo 654. Comercio ao retallo de vehículos terrestres, aeronaves e embarcacións e de maquinaria. Accesorios e pezas de recambio.

Epígrafe 654.1. Comercio ao retallo de vehículos terrestres.

Epígrafe 654.2. Comercio ao retallo de accesorios e pezas de recambio para vehículos terrestres.

Epígrafe 654.3. Comercio ao retallo de vehículos aéreos.

Epígrafe 654.4. Comercio ao retallo de vehículos fluviais e marítimos de vela ou motor e deportivos.

Epígrafe 654.5. Comercio ao retallo de toda clase de maquinaria (excepto aparellos do lar, de oficina, médicos, ortopédicos, ópticos e fotográficos).

Epígrafe 654.6. Comercio ao retallo de cubertas, bandas ou bandexas e cámaras de ar para toda clase de vehículos.

Grupo 656. Comercio ao retallo de bens usados tales como mobles, roupa e enxoval ordinario de uso doméstico.

Grupo 657. Comercio ao retallo de instrumentos musicais en xeral, ben como dos seus accesorios.

Grupo 659. Outro comercio ao retallo.

Epígrafe 659.1. Comercio ao retallo de selos, moedas, medallas conmemorativas, billetes para coleccionistas, obras de arte e antigüidades, minerais soltos ou en coleccións, fósiles, insectos, cunchas, plantas e animais disecados.

Epígrafe 659.2. Comercio ao retallo de mobles de oficina e de máquinas e equipamentos de oficina.

Epígrafe 659.3 Comercio ao retallo de aparellos e instrumentos médicos, ortopédicos e ópticos, excepto nos que se requira unha adaptación individualizada ao paciente e fotográficos.

Epígrafe 659.4. Comercio ao retallo de libros, xornais, artigos de papelería e escritorio, e artigos de debuxo e belas artes.

Epígrafe 659.5. Comercio ao retallo de artigos de xoiaría, relojaría, prataría e bixutería.

Epígrafe 659.6. Comercio ao retallo de xoguetes, artigos de deporte, artigos deportivos de vestido, calzado e toucado.

Epígrafe 659.7. Comercio ao retallo de sementes, fertilizantes, flores e plantas e pequenos animais.

Epígrafe 659.8. Comercio ao retallo denominado «sex-shop».

Epígrafe 659.9. Comercio ao retallo doutros produtos non especificados nesta agrupación, excepto os que deben clasificarse na epígrafe 653.9.

#### *Agrupación 69. Reparacións*

Grupo 691. Reparación de artigos eléctricos para o lar, vehículos automóbiles e outros bens de consumo.

Epígrafe 691.1. Reparación de artigos eléctricos para o lar.

*Agrupación 75. Actividades anexas aos transportes*

Grupo 755. Axencias de viaxe.

Epígrafe 755.1. Servizos a outras axencias de viaxes.

Epígrafe 755.2. Servizos prestados ao público polas axencias de viaxes.

*Agrupación 83. Auxiliares financeiros e de seguros. Actividades inmobiliarias*

Grupo 833. Promoción inmobiliaria.

Epígrafe 833.1. Promoción de terreos.

Epígrafe 833.2. Promoción de edificacións.

Grupo 834. Servizos relativos á propiedade inmobiliaria e á propiedade industrial

*Agrupación 86. Alugamento de bens inmobles*

Grupo 861. Alugamento de bens inmobles de natureza urbana.

Epígrafe 861.1. Alugamento de vivendas.

Epígrafe 861.2. Alugamento de locais industriais e outros alugamentos n.c.n.p.

Grupo 862. Alugamento de bens inmobles de natureza rústica.

*Agrupación 97. Servizos persoais*

Grupo 971. Lavandarías, tinturarías e servizos similares.

Epígrafe 971.1. Tinguidura, limpeza en seco, lavado e pasadura de ferro de roupas feitas e de roupa e artigos do lar usados.

Epígrafe 971.2. Limpeza e tinguidura de calzado.

Epígrafe 971.3. Zurcido e reparación de roupas.

Grupo 972. Salóns de peiteado e institutos de beleza.

Epígrafe 972.1. Servizos de peiteado de señora e cabaleiro.

Epígrafe 972.2. Salóns e institutos de beleza e gabinetes de estética.

Grupo 973. Servizos fotográficos, máquinas automáticas fotográficas e servizos de fotocopias.

Epígrafe 973.1. Servizos fotográficos.

Epígrafe 973.2. Máquinas automáticas, sen operador, para fotografías de persoas e para copia de documentos.

Epígrafe 973.3. Servizos de copias de documentos con máquinas fotocopiadoras.

Grupo 975. Servizos de enmarcación.